



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES
VILAR PONTE



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

"O FSE inviste no teu futuro"

Antonio Ledesma, 20 - 27850 - Viveiro (LUGO) Teléfono: 982870901 http://www.edu.xunta.es/centros/iesvilarponte ies.vilar.ponte@edu.xunta.es

“PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

no curso 2021-2022”

IES VILAR PONTE-VIVEIRO

*Para calquera comunicación relacionada coa COVID contacte co enderezo electrónico covid.vilarponte@gmail.com ou nos teléfonos **982 87 09 01** (pasen a chamada ao equipo COVID), ou no teléfono móbil do centro **658 624 000**.

O presente Plan de adaptación foi elaborado pola dirección do IES VILAR PONTE de Viveiro, cos membros do equipo Covid, en base ao "Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022" publicado o **6 de xullo 2021** e da Resolución do **10 de setembro de 2021** pola que se ditan "Instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos" da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022 e a Resolución conxunta das consellerías de educación e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19.

Este documento inclúe recomendacións e directrices en relación ás medidas de prevención e hixiene fronte á Covid-19 para as actividades e instalación do IES VILAR PONTE durante o curso 2021- 2022, que poderán ser actualizadas cando a situación epidemiolóxica así o requira.

OBXECTIVOS

- a) Crear un entorno saudable no IES VILAR PONTE, a través de medidas de prevención, hixiene, promoción da saúde adaptadas ás nosas particulares circunstancias.
- b) Instaurar medidas organizativas eficaces que impidan a aglomeración de persoas e propicien o correcto cumprimento de medidas de distanciamento físico.
- c) Asegurar que a actividade educativa poida desenvolverse coa maior normalidade posible.
- c) Posibilitar a detección precoz de casos e xestión efectiva dos mesmos.

I.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1. DATOS DO CENTRO

CENTRO EDUCATIVO	IES VILAR PONTE	
TELÉFONO	982 87 09 01 (que pasen a chamada o EQUIPO COVID) 658 624 000	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	covid.vilarponte@gmail.com ies.vilar.ponte@edu.xunta.es	
ENDEREZO	Rúa Antonio M. Ledesma, 20	
CÓDIGO POSTAL	27850	CÓDIGO CENTRO: 27013648
LOCALIDADE	Viveiro	
PÁXINA WEB	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvilarponte/	

Para calquer comunicación relacionada co COVID contacte no enderezo electrónico covid.vilarponte@gmail.com ou no teléfono 982 87 09 01 (pasen a chamada ao equipo COVID), ou no teléfono móbil do centro 658 624 000.

2. MEMBROS DO EQUIPO COVID

Teléfono de contacto			982 870 901
Membro 1	María Lamas Pérez	cargo	Vicedirectora e Coordinadora Covid
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicar oscasos. ▪ Contactar co centro de saúde de atención primaria de referencia para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro relacionado coa COVID-19. ▪ Recoller aquelas chamadas nas que se comunicará o resultado da proba COVID do alumnado ou persoal do centro que conviva cunha persoa do núcleo familiar sospeitosa de padecer a COVID-19 . ▪ Incluir na aplicación a información de posibles afectados ou sospeitosos; ▪ incluír datos de contactos estreitos (alumnos e profesores) [Contacto estreito: calquera alumno ou traballador do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia menor de 1,2m ao redor do caso durante máis de 15min sen máscara] ▪ Manter a comunicación coa consellería de Educación, de Sanidade, o SERGAS ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. Comunicación co persoal do centro e familias e alumnado. 		

Membro 2	Noelia Fernández Martínez	cargo	Xefa de Estudos
Membro 3	María Porbén Riveira	cargo	Secretaria
Tarefas asignadas ao equipo COVID	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Actuar como referencia para o persoal non docente, profesorado, alumnado e familias do centro. ▪ Informar ao consello escolar con periodicidade sobre as medidas adoptadas e de ser o caso da evolución dos diferentes escenarios. ▪ Recibir a comunicación do persoal non docente e profesores de posibles síntomas. ▪ Recibir a comunicación de pais de alumnos no caso de presentar estes síntomas na casa. ▪ Contactar coa familia dos alumnos ante a detección de síntomas compatibles coa infección por SARS-COV-2 durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, que deberá presentarse no centro coa maior brevidade posible. ▪ Ante a aparición dun caso confirmado por parte dun alumno ou do persoal do centro incluír na aplicación "EduCovid" a seguinte información: contactos estreitos do afectado/a (compañeiros de aula, os máis próximos dentro da mesma, o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros de transporte, os compañeiros de transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ó centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais ▪ Remitir a información anterior se o CSC, SERGAS ou a xefatura territorial da Consellería de Sanidade solicite información no caso de existir casos sospeitosos no centro. 		

Tarefas asignadas ao equipo COVID.

- Comprobar na aplicación as confirmacións de casos positivos incluídas polo Centro de seguimento de Contactos (CSC) de persoal do centro ou alumnado.
- Obriga de segredo profesional.
- Comunicar o titor as faltas de asistencia derivadas destes casos.
- Asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción de saúde implantadas chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.
- Inventariar, coa secretaria, os elementos de sinalización e máscaras de protección; arbitrar mecanismo de distribución que acredite a súa entrega e consumo para actividades propias do centro.
- Inventariar por separado os gastos en material derivados da Covid(xel hidroalcohólico,e os seus dispensadores, panos desbotables, material de limpeza e desinfección, mamparas, papeleiras de pedal, impresión de cartelería e, cando resulten insuficientes, máscaras de protección); organizar, distribuír e contabilizar o material, xunto coa secretaria do centro.
- Comunicar ao equipo Covid do centro de saúde os positivos de traballadores ou alumnos.
- Dispoñer canto antes dunha relación de todo o alumnado e persoal do centro (agrupado por aulas e profesores asignados) con identificación persoal, un ou varios teléfonos de contacto e o enderezo.
- Elaborar un "Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/2022", no que se determinen as concrecións e medidas para o centro educativo individualizado. Debe ser aprobado pola dirección e informar do contido ao Consello Escolar, persoal do centro, alumnos e familias; remitilo a Inspección Educativa.
- O equipo Covid debe asegurarse de que a información sobre protocolos de actuación e as medidas de prevención e hixiene son comprendidas por toda a comunidade educativa (potenciar o uso de infografías, carteis e sinalización; publicación na páxina do centro...)
- Se existe un peche do centro ou dunha ou varias aulas, encargarse de organizar e supervisar a reactivación cando se produza.
- Colaborar co departamento de orientación na identificación das necesidades de protección e hixiene que o alumnado con NEAE precisa para a súa atención.
- Identificar o alumnado con dificultades de conexión.
- Determinar as actuacións á volta dunha suspensión de clase en colaboración coas autoridades Sanitarias e Educativas.

3.	ESPAAZO DE ILLAMENTO-AULAS COVID
<p>Edificio 1 Vilar Ponte (VP I) : utilizarase aula nº 209 situada no segundo andar.</p> <p>Edificio 2 Pastor Díaz (VP II) : Utilizarase a aula 007 situada na planta baixa.</p> <p>Estas aulas están dotadas de papeleiras de pedal, xel hidroalcohólico e panos desbotables, máscaras cirúrxicas e material de protección, desinfectadas diariamente, adecuada ventilación.</p>	

CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA			
Centro	Centro de Saúde de Viveiro	Teléfono	M ^a Soledad Gómez
Contacto	982561532 ext.276754		

4.	NÚMERO DE ALUMNOS/AS POR NIVEL E ETAPA EDUCATIVA	
1º ESO	61	
2º ESO	64	
3º ESO	56	
4º ESO	58	
1º BAC	52	
2º BAC	48	TOTAL: 339

5. CADRO DE PERSOAL DO CENTRO EDUCATIVO	
PERSONAL ADMINISTRATIVO	2
PERSONAL LIMPEZA	4
CONSERXES	2
COIDADORES	1
INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS	1
PROFESORADO	45

6. DETERMINACIÓN DOS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA (só para as etapas de infantil e primaria)	
--	--

Manteranse grupos estables por niveis establecendo entradas e saídas ao centro escalonadas e por diferentes Entradas, sinalización de sentidos de circulación nos corredores, establecendo turnos de uso da cafetería con diferentes accesos, etc.

Etapa	Nº de alumnado asignado		Nivel	Nº de profesorado asignado		Grupo
Aula						

7. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

- O uso da **máscara é obrigatorio durante toda a xornada lectiva** en todos os espazos do centro educativo.
- Será obriga do alumnado **levar polo menos unha segunda máscara de recambio**.
- Solicítase ao alumnado manter unha **distancia interpersoal**, de polo menos **1´5m**.
- O alumnado realizará unha **hixiene de mans frecuente** (mínimo ao entrar e saír da aula/pavillón). Hay un dispensador de xel hidroalcohólico en cada aula e entrada dos edificios.
- O alumnado **non compartirá material** de uso propio con ningún dos seus compañeiros.
- Non se poderán empregar os percheiros das aulas nin as taquillas. A **roupa e o material individual** de cada alumno deberá estar colocado **no seu pupitre**.
 - o alumno non poderá tocar as fiestras, chaves de luces, portas....
 - o profesorado dará unha tiza de uso persoal a cada alumno no caso de que precise saír á pizarra a realizar algún tipo de actividade.
- Os postos escolares manterán unha distancia de **1.2 metros** respecto ós demais, medidos desde o centro da cadeira.
- Realizarase a **ventilación** das aulas para evitar a transmisibilidade, 15 minutos ao inicio e remate da xornada, 5 minutos entre clase e clase e durante a totalidade dos recreos. Manteranse as xanelas e portas en lados opostos abertas (ventilación cruzada) o maior tempo posible cando as condicións metereolóxicas o permitan.
- Os postos escolares estarán orientados nunha mesma dirección.
- Cando o tamaño da aula non permita a distancia establecida buscaranse espazos alternativos.
- Cando non sexa posible ningunha das actuacións anteriores desdobrarase o grupo.
- A asignación dos asentos nas aulas será permanente ó longo do curso escolar. En caso de que exista a necesidade de cambio dalgún alumno/a por motivos pedagóxicos, comunicaranse inmediatamente ó equipo COVID.
- Como recomendación, cada alumno traerá un xel hidroalcohólico de uso persoal.
- **O incumprimento polo alumnado do uso da máscara** nos tempos e lugares establecidos que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo **considerarase unha falta leve** de conducta contaria á convivencia (Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia).

8. CANLE DE COMUNICACIÓN

(para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

Recoméndase a toda a comunidade educativa a comunicación co equipo Covid a través do enderezo electrónico covid.vilarponte@gmail.com, que será debidamente posto en coñecemento de todos. En caso de necesidade ou urxencia, poderase chamar ao teléfono do centro, desde onde se desviará a chamada a un membro do equipo.

9. REXISTRO DE AUSENCIAS

(procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

Calquer persoa afectada de síntomas que non poda acudir ao centro deberá comunicalo preferentemente ao e-mail do equipo Covid, covid.vilarponte@gmail.com. Quedará rexistrado nun cadro para ausencias tanto de persoal docente (ANEXO I), non docente (ANEXO II) ou alumnado (ANEXO III)

10. COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS AS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS

Débase chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de síntomas compatibles co COVID no centro educativo tanto sexado alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.

II.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

11. SITUACIÓN DE PUPITRES

(croquis da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croquis xenérico que sexa reproducible nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

O equipo Covid recabou información sobre cada unha das clases en canto á colocación dos alumnos. Todos os pupitres están colocados gardando a distancia de 1,2m que establece a consellería de educación e sanidade, agás nunha aula TIC, nas aulas de PT e nun laboratorio onde hai colocadas mamparas para garantir a seguridade.

12. IDENTIFICACIÓN DE ESPAZOS OU SALAS PARA ASIGNAR GRUPOS

(cando o tamaño da aula non permita asdistancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

13. USO DE ESPAZOS DE PT, AL, DPT.ORIENTACIÓN OU AULAS ESPECIAIS. MODELO CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN- ANEXO VII

(determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura no Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022)

14. TITORÍAS COAS FAMILIAS

Na realización de **reunións de titorías** utilizarase, sempre que sexa posible, á **reunión non presencial mediante videochamada, teléfono ou abalar**. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá se fose necesario mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e a dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

15.

CANLES DE INFORMACIÓN COAS FAMILIAS E PERSOAS ALLEAS AO CENTRO

(provedores, visitantes, persoal do concello...)

Manterase comunicación coas familias por vía telefónica para todo o que non teña que ver co Covid. Calquera solicitude de información que fose precisa atenderase a través do correo electrónico. Ademais, na páxina web do centro estarán a disposición da comunidade educativa as normas e recomendacións, actualizadas periodicamente en función da evolución da pandemia.

Provedores, visitantes, persoal do concello, etc, utilizarán as canles habituais.

16. USO DA MÁSCARA NO CENTRO

O alumnado, profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras en todo o centro e en todo momento.

17. INFORMACIÓN E DISTRIBUCIÓN DO PLAN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

O Plan colgarase na páxina web do centro e enviarase un esquema-resumo ao profesorado.

Antes do comezo do curso informarse debidamente ao profesorado mediante o mencionado resumo, e durante as presentacións ao alumnado cos tiores tamén se reservará un tempo para informalos, de palabra e a través de papel das novas normas derivadas da situación.

III.

MEDIDAS DE LIMPEZA

18.

ASIGNACIÓN DE TAREFAS AO PERSOAL DE LIMPEZA, ESPAZOS E MOBILIARIO A LIMPAR DE XEITO FRECUENTE (non incluír datos de carácter persoal)

Durante o horario de mañá realizaranse limpezas frecuentes das zonas de uso común e das superficies de traballo máis frecuentes: pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, ordenadores e outros elementos de similares características.

Os aseos limpanse polo menos tres veces ao día, despois dos recreos pola mañá e outra pola tarde quedando listo para o día seguinte.

Prestarase especial atención ás aulas de informática, unha limpadora realizará desinfeccións dos elementos de contacto (teclados, ratos, pantallas, superficies...) segundo sexa necesario en función da frecuencia de uso. Este tipo de medidas poderanse estender a outros espazos do centro en función das necesidades que se vaian detectando.

Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a que presentou síntomas durante a xornada lectiva o teña abandonado.

As papeleiras de pedal deberán ser baleiradas de xeito frecuente, procedendo á súa desinfección ao remate da xornada.

As máquinas de vending teñen tamén unha limpeza específica.

Durante o horario de tarde farse unha limpeza exhaustiva de todo o centro.

19. DISTRIBUCIÓN HORARIA DO PERSOAL DE LIMPEZA

(distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá) (non incluír datos de carácter persoal)

PERSOAL DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

O persoal de limpeza do noso centro está formado por catro limpadoras a xornada completa que desenvolverán o seu traballo no seguinte horario:

- Limpadoras 1 e 2: de 09:00 a 11:30hs e de 15:00 a 20:00hs.
- Limpadora 3: de 11:30 a 14:00hs e de 15:00 a 20:00hs.
- Limpadora 4: de 11:30 a 14:00hs e de 15:30 a 20:30hs.

20. MATERIAL E PROTECCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE LIMPEZA

- No caso do persoal de limpeza o uso de luvas é obrigatorio.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse dexeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

21. CADRO DE CONTROL DE LIMPEZA DOS ASEOS

Haberá un cadro de control semanal de limpeza dos aseos situado nos aseos de profesoras da planta baixa dos dous edificios. Ver **Anexo IV**.

22. MODELO DE CHECKLIST PARA ANOTAR AS VENTILACIÓNS DAS AULAS (a colocar en cada aula)

Deben realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao comezo e ao final da xornada, durante todo o recreo e, sempre que sexa posible entre clases. Cando as condicións metereolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible. En cada aula existirá un modelo de checklist para rexistrar as ventilacións de cada unha das aulas. Ver **Anexo V**.

23. DETERMINACIÓN DOS ESPAZOS PARA A XESTIÓN DE RESIDUOS

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

IV.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

24. REXISTRO E INVENTARIO DO MATERIAL DO QUE DISPÓN O CENTRO

Corresponde a secretaría do centro en colaboración co equipo covid a compra, inventariado e distribución do material de seguridade COVID.

25. DETERMINACIÓN DO SISTEMA DE COMPRAS DO MATERIAL DE PROTECCIÓN

A secretaria do centro será a persoa encargada das compras de material protección que se precisen. Os custos de adquisición deste material quedará individualizado na contabilidade respecto das restantes subministracións do centro.

26. PROCEDEMENTO DE DISTRIBUCIÓN E ENTREGA DE MATERIAL E DA SÚA REPOSICIÓN

Corresponde ao equipo COVID en colaboración coa secretaria do centro distribuír e organizar adistribución do material.

MÁSCARAS:

Todo o persoal e alumnado do centro debe levar as súas propias máscaras. Porén, o centro contará cunha dotación de máscaras para atender posibles incidencias como roturas, perdas, contaminacións, etc...

XEL HIDROALCOHÓLICO:

Todas as aulas e espazos comúns contarán cun bote de xel hidroalcohólico para a hixiene diaria de mans.

DESINFECTANTE DE SUPERFICIES e PANOS DESBOTABLES:

Todas as aulas e espazos comúns contarán cun bote de líquido desinfectante de superficies e panosdesbotables. O persoal de limpeza velará porque sempre haxa cantidade suficiente de xel, desinfectante e panos desbotables para o uso diario.

En caso de necesidade, poderase solicitar a reposición deste material aos conserxes que tomarán nota das peticións e as trasladarán ás limpadoras.

O profesorado velará polo uso responsable de todos os elementos de protección, tanto propio como parte do alumnado.

V.

XESTIÓN DOS GROMOS

27. MEDIDAS

(a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unhaspropia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

Todo o persoal do centro educativo deberá realizar unha [enquisa de autoavaliación clínica Covid-19](#) de síntomas para comprobar se son compatibles cunha infección por SARSCoV-2. Esta autoenquisa estará a disposición de todos os membros da comunidade educativa, foi entregada a todo o alumnado polos titores/as na presentación do curso. De presentar calquera deses síntomas solicitarase consulta no centro de saúde.

Non se asistirá ao centro se se presentan síntomas compatibles coa COVID 19, así como os que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID 19 ou en período de cuarentena domiciliaria por ter estado en contacto estreito con algunha persoa que presente sintomatoloxía.

No caso de que unha persoa comece a ter síntomas no centro educativo:

A persoa afectada levarase ás salas de illamento do centro (*Aula 209 no VPI e aula 007 VPII*), colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

Débase chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

A traballadora ou traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

28. RESPONSABLE/S DAS COMUNICACIÓNS DAS INCIDENCIAS Á AUTORIDADE SANITARIA E EDUCATIVA (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

A coordinadora do equipo Covid; na súa ausencia, un dos outros dous membros do equipo. En caso de ausencia dos tres, o director.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES
VILAR PONTE



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Antonio Ledesma, 20 - 27850 - Viveiro (LUGO) Teléfono: 982870901 <http://www.edu.xunta.es/centros/iesvilarponte> ies.vilar.ponte@edu.xunta.es

VI.

XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

29.

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDES

(canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

Cubrindo os modelos de solicitude e seguindo as pautas que indica o protocolo (que está na páxina web do centro).

VII.

MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

30. ENTRADAS E SAÍDAS

(determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado (cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo)

Tódalas persoas que accedan ás instalación do centro deben cumprir as medidas de distancia de 1,5 metros entre persoas, así como utilizar máscara de xeito obrigado e evitando en todo momento aglomeracións.

Tanto o recinto como os edificios dispoñen de varias entradas, polo que haberá accesos diferenciados, rotulados en cada porta:

O fluxo de circulación de persoas farase sempre respectando as distancias e sempre polo lado dereito da circulación. Circularase polo centro cando sexa **ESTRITAMENTE INDISPENSABLE**, permanecendo o alumnado sentado no seu posto durante o tempo que permaneza nunha estancia. Asaídas ao baño ou a outros espazos será sempre previamente autorizada.

Accederá todo o alumnado á mesma hora.

Haberá 1 profesor de garda para cada edificio para atender que as entradas e saídas se roduzan sen aglomeracións, e que a continuación os alumnos entren nas aulas correspondentes e permanezansentados.

A saídas faranse escalonadas, primeiro os alumnos das plantas baixas 5 minutos antes de que soe o timbre, a continuación os do primeiro andar, 2 minutos antes do timbre, e por último os alumnos do segundo andar, cando soe o timbre.

As cancelas para vehículos das estarán abertas para evitar aglomeracións.

Prégase aos alumnos que se dispersen o antes posible, e que non permanezan xunto ás cancelas.

1º e 2º ESO Accederán ao centro, como norma xeral, pola cancela que está enfrente ao VP II. Asemesmo 1º e 2ºESO accederán ao edificio pola entrada principal.

3ºESO, 4ºESO e BACHARELATO: Accederán ao centro, como norma xeral, pola cancela que está enfrenteao VP I.

Accederase ao edificio VP I seguindo estas indicacións:

EDIF. VPI	ENTRADAS	SAÍDAS
1º e 2ºBAC	Pola porta central.	Pola porta central.
3ºESO	Pola escaleiras de emerxencia	Pola escaleiras de emerxencia
4ºESO	Porta lateral.	Porta lateral.

Só poderán entrar pola cancela da rúa Misericordia aquelas alumnas e alumnos que xustifiquen asúa residencia nesa zona.

Nas entradas e saídas do centro, permanecerán abertas as dúas cancelas de cada edificio para evitar aglomeracións de persoas.

Considerarase se unha falta de orde contra a saúde o non respectar algunha destas medidas.

A supervisión das saídas será realizada polo profesorado de garda de transporte (1 para cadaedificio), así como polo profesorado que remata a xornada á mesma hora.

31. PORTAS DE ENTRADA E SAÍDA E CIRCULACIÓN NO CENTRO EDUCATIVO

(determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

Están sinalizadas nas portas do centro as entrada e saída de cada grupo. Así como planos cos sentidos de circulación e indicacións nos corredores e escaleiras dos sentidos de circulación.

32. CARTELERÍA E SINALÉCTICA

(previsión sobre a colocación de cartelería e sinaléctica no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

A cartelería e sinaléctica de prevención primará sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

O centro dispón de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirte sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzase a información sobre hixiene individual.

A cartelería que non subministre a administración autonómica será impresa polo propio centro en tamaño A3 ou superior.

Na medida do posible evitarase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.

33. DETERMINACIÓNS SOBRE A ENTRADA E SAÍDA DE ALUMNADO TRANSPORTADO

Será debidamente atendido polos profesores con garda de transporte. O Departamento de Orientación colaborará na atención ao alumnado con NEE.

34. ASIGNACIÓN DO PROFESORADO ENCARGADO DA VIXILANCIA

Entrada: 1 profesores para os 2 edificios nas gardas de transporte.

Saída: 1 profesor para os 2 edificios, profesorado en xeral, membros do departamento de Orientación.

VIII

MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPA

35. MADRUGADORES OU ACTIVIDADES PREVIAS AO COMEZO DA XORNADA

